

Corrección de erros da resolución pola que se publica o resultado da convocatoria de subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo) da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2019 e 2020, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (MR 701D).

GDR - 07 Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Valdeorras

Convocatoria 2019-2020: solicitudes de axuda presentadas ata 31 de marzo de 2019.

Proxectos produtivos

Proxectos non produtivos entidades públicas locais

Proxectos non produtivos entidades privadas

Fundamentos legais.-

-Acordo do Consello de Dirección de Agader do 10 de febreiro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia e para a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se convoca o correspondente proceso de selección, publicado mediante a Resolución do 11 de febreiro de 2016 (DOG núm. 42, do 2 de marzo).

-Acordo do Consello de Dirección da Agader do 16 de novembro de 2016 polo que se resolve a convocatoria sobre a selección de estratexias de desenvolvemento local e de grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia, así como sobre a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

- Convenio de colaboración do 13 de decembro de 2016 entre a Axencia Galega de desenvolvemento rural (AGADER) e o GDR 7 Valdeorras para a aplicación dunha estratexia de desenvolvemento local na medida Leader de Galicia, cofinanciada co Feader no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

-Acordo do Consello de Dirección da Agader do 29 de decembro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas ao abeiro da medida 19 (Leader), cofinanciadas con Feader no marco do PDR de Galicia 2014-2020 (DOG núm.12 do 18 de xaneiro de 2017).

-Resolución do 23 de novembro de 2017 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección do 23 de novembro de 2017 polo que se modifica o Acordo do 29 de decembro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas co Feader no marco do Programa de



desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (DOG núm. 229 do 1 de decembro de 2017).

-Resolución do 14 de decembro de 2018 pola que se convocan, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo), da medida Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2019 e 2020, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (DOG núm. 245 do 26 de decembro de 2018)

- Artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Tendo en conta:

-Que a competencia para resolver sobre a concesión das axudas lle corresponde á persoa titular da Dirección Xeral da Agader, en virtude do Acordo de delegación do 11 de xullo de 2013 do Consello de Dirección da Agader, feito público mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 (DOG nº 148, do 5 de agosto)

RESOLVO

A rectificación de erro material na resolución xeral, pola que se publica o resultado da convocatoria de subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo) da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2019 e 2020; en virtude do artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, consistente en que no anexo III da citada resolución xeral figuraba con dúas anualidades o proxecto L19 1920 07 0078: "ELABORACIÓN DO CATÁLOGO DA FLORA VASCULAR DO PARQUE NATURAL DA SERRA DA ENCIÑA DA LASTRA"; cando o correcto sería que unicamente figurara unha anualidade, a correspondente a este ano 2019.

Polo tanto, o anexo III da citada resolución que era este:



ANEXO III: PROXECTOS NON PRODUTIVOS CON AXUDA CONCEDIDA PROMOVIDOS POR ENTIDADES PRIVADAS

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Portentaxe de axuda (%)	IMPORTE AXUDA 2019	IMPORTE AXUDA 2020	Puntuación segundo o baremo
L19 1920 07 0078	ELABORACIÓN DO CATÁLOGO DA FLORA VASCULAR DO PARQUE NATURAL DA SERRA DA ENCIÑA DA LASTRA	CMVMV DE PORTO - REAL	16.252,00	39,00%	6.338,28	6.338,28	38,00
TOTAL			16.252,00		6.338,28	6.338,28	

Pasa a ser substituído polo seguinte:

ANEXO III: PROXECTOS NON PRODUTIVOS CON AXUDA CONCEDIDA PROMOVIDOS POR ENTIDADES PRIVADAS

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Portentaxe de axuda (%)	IMPORTE AXUDA 2019	IMPORTE AXUDA 2020	Puntuación segundo o baremo
L19 1920 07 0078	ELABORACIÓN DO CATÁLOGO DA FLORA VASCULAR DO PARQUE NATURAL DA SERRA DA ENCIÑA DA LASTRA	CMVMV DE PORTO - REAL	16.252,00	39,00%	6.338,28	0	38,00
TOTAL			16.252,00		6.338,28	0	

O resto dos contidos permanecen inalterados.

Santiago de Compostela

O Consello de Dirección de Agader
(P.D.: Acordo do 29.12.2016)
O director xeral de Agader
(Asinado electronicamente)
Miguel Ángel Pérez Dubois

